

Discurso na entrega do Premio Arcebispo Sanclemente por *Resistencia*

Aquel día do verán de 1994 Dinís estaba sentado no alto dun cantil en San Pedro de Moel como tantas outras tardes. Tiña a cana de pescar estendida cara ó mar e o amocelo rebrincaba por entre as ondas atlánticas nun xogo de seducción mortal. Sargos e chicharros fitábano con desconfianza dende o azul húmido ata que uns e outros acababan caendo na tentación dunha apetecible miñoa curvilínea. Arrolaba o sol polo leito celeste camiño da noite e o seu roibén marcaba o roteiro incerto cara a América. América. Cada noite Dinís marchaba un pouco nas últimas raiolas cun pensamento perdido nalgún lugar ignoto do novo continente. E cada mañá regresaba á súa realidade monótona e serena nunha aldea turística dun recuncho centroccidental da costa portuguesa. Era bonito o solpor no mar dende o alto do Farol do Penedo da Saudade. Extremadamente bonito. A vista abranguía case cento oitenta graos naquela perda de luz inxente sobre o océano infinito. Morría o sol e medraba a escuridade nun ciclo lento e constante marcado polo devir das cavilacións. Pasara tantos anos da nenez e mocidade empoleirado naquelas rochas esfariñadas, tantos anos de bos recordos e risos de balde... Logo pasou o que pasou e Dinís botara en falla durante moitos anos aquela sensación tenue e excitante á vez do luscofusco. O tempo de cadea tatuárase no seu carácter alegre e inocente e convertéranos nun cincuentón silencioso e rosmón. Demasiados anos preso para aquel mozo rebuldeiro que fora e se perdera para sempre nalgún andel do pasado. Demasiados anos roubados á vida por unha dictadura fascista.

Dinís matinaba a miúdo en como transcorrera todo e non acertaba a crer que aquela historia de proezas lle tocara a el. El non quería ser protagonista de nada, el só desexaba ser feliz nun mundo máis ou menos perfecto no que puidese amar e traballar como unha persoa libre. E tocoulle ser heroe, el que tan apoucado e vergoñento fora toda a súa vida, converteuse nun símbolo da liberdade e a loita pola supervivencia das ideas. E agora alí estaba, sentado en San Pedro de Moel, de volta de todo e de volta de nada, con tantas imaxes na memoria e nada nas mans ó que aferrarse desesperadamente. Nada agás o mar e o recordo daquela moza pola que tería dado a vida enteira, pola que, en realidade, viña de dar a vida enteira. E os anos pasaban tan rápido sen ti, Filipa....

Por eles, por Dinís e Filipa pero tamén pola muller que agarda, dona Leonor; pola amantísima Isaura; polo cruel Caetano; polo amor do Antonio; pola fidelidade de Constanza; polo silencio de Rui; polo suicidio dun fado no corpo da súa irmá Filipa; polo cheiro a salitre dun Atlántico encabuxado; pola frouma espiñenta do Pinhal do Rei; polo sorriso de Aaiá en Mozambique; pola sangría da guerra colonial de Miguel da Silva e por miles de caraveis zorregados no mar estou hoxe aquí. Por eles e pola vontade de dez alumnos que quixeron que Resistencia fose a obra escolleita en lingua galega deste certame. Non vou dicir que o que máis ilusión me fai é que este premio estea dado por escolares porque mentiría. O que realmente me fai ilusión é que estes dez escolares tiñan 17 anos cando votaron e leron a miña obra, oito anos menos dos que tiña eu cando a escribín. Por iso sei perfectamente que se lles gustou foi porque así o sentiron porque ós 17 anos (que eu lembro moi ben) non hai quen nos tusa. Pero sobre todo, que os estudantes premien esta novela é para min un motivo de esperanza. Resistencia é unha historia de amor, de amor á vida e amor á liberdade, valores que subxacen ó relato e que berran dende as marxes do texto cun grito entre agónico e desesperado. Se algún destes lectores sentiu ou se identificou con este canto á vida é para min máis que suficiente porque significa que, malia os aciagos presaxios que constantemente recibimos sobre a nosa mocidade, hai quen sente que a loita pola liberdade e polo amor vale unha vida.

Primeiro Manolo Rivas. Primeiro Manolo Rivas e logo Alexandro Baricco. Primeiro Rivas logo Baricco, despois Tabucci, e Gonzalo Navaza, e Xurxo Borrazás e Martín Gaité... Non é este o relato cronolóxico nin exhaustivo dos premiados neste certame senón a numeración caprichosamente seleccionada pola memoria das entregas de premios que eu presenciei aí onde vós estades sentados. Sei que hoxe pode parecer falso que eu diga que nunca soñei estar enriba do escenario pero é que a primeira vez que eu estiven aquí, ano en que premiastes a Jostein Gaarder, non tiña publicado, nin tan sequera escrito o meu primeiro libro. Quero con isto dar ánimos a todas as persoas que estades aí e que no anonimato construídes soños de papel. Calquera día poderedes estar aquí grazas a esa maxia tan intanxible que é provocar emocións nos lectores.

Quero agradecer profundamente a alumnos e profesores o recoñecemento a Resistencia pero, sobre todo, a propia convocatoria deste certame que, sei, tanto balbordo vos ocasiona. Agradezo tamén a Edicións Xerais de Galicia nas persoas de

Celia Torres, Manolo Bragado e Fran Alonso a súa confianza, case diría que cega confianza.

Remato xa coa parte máis bonita e tamén máis emotiva dos premios que son as dedicatorias. Agardo non emocionarme como naquel ano Gonzalo Navaza ¿lembrades? Pero podería ser, polo menos queda por escrito.

Quero dedicalo en primeiro lugar a Alvaro Cunhal, Dinís Miranda e todos os presos políticos dos reximes de Salazar, Marcelo Caetano e todos os reximes dictatoriais que sucederon e se suceden día a día. Porque namentres eu imaxinaba o que doía a culata dun fusil no pescozo hai miles de persoas que o están sentindo ou o sentiron na súa propia carne na loita pola liberdade.

Primeiro os presos políticos e segundo Miguel de Lira, Xesús Ron, Patricia Vázquez, Luis Tosar, Roberto Ribao, Séchu Sendé, Pepa, María Lado, Marga, Rosa Maside, Mónica, Eduardo Estévez, Uxía Senlle, Manolo Rivas, Xurxo Souto... a todos os creadores e creadoras deste país e, sobre todo, ós centos de miles de persoas que, ou ben erguendo a voz ou baixando o lombo sobre areais e coídos, ofrecestes o voso corpo como escudo contra o envite da marea negra. Porque non fostes anónimos senón persoas con nomes e apelidos que devolveistes o sentido á palabra dignidade.

Primeiro os presos políticos, segundo as Plataformas contra a Burla Negra e Plataforma cívica Nunca Máis, terceiro ás persoas que co seu apoio incondicional axudaron a construír Resistencia e a que cada día consuma horas atada a un papel. Os meus irmáns, á Xulio e ós meus pais que son a quen realmente lles fai ilusión este premio. A miña nai e ó meu pai especialmente porque ultimamente cada vez que lle preguntan como vai el sempre responde, “por aquí, resistindo”

Moitas grazas.